



## ***A cuadrilla 'Pena Veitureira' gaña o V Trofeo Montaña Lucense***

O pasado 3 de Febreiro disputábase en A Fonsagrada (Lugo), o V Trofeo Montaña Lucense de caza de raposo, puntuable para a Copa Federación.

Na proba, que comezaba ás 8.45 da mañá, participaban un total de 38 cuadrillas, que conseguiron abater un total de 24 raposos, dos 56 avistados. Tres cuadrillas remataron cun total de 3 raposos capturados, polo que foi o sorteo o que decidiu a clasificación, quedando a cuadrilla 'Pena Veitureira' de Castro de Rei en primeira posición; 'Rio Grande' de Guntín, na segunda posición; e finalmente 'Santa Bárbara' de Láncara, no terceiro posto. 22 cuadrillas non conseguiron ningunha captura.

Uns 500 cazadores entre participantes, xuíces, guías e organización participaron na comida de clausura no pabillón polideportivo de A Fonsagrada, acto ao que asistiron entre outros Eduardo Vidal, Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente; Argelio Freije, Concelleiro do Concello de A Fonsagrada; e José María Gómez Cortón, presidente da Federación Galega de Caza, entre outros.



A cuadrilla 'Pena Veitureira', gañadores da proba



Os segundos clasificados, a cuadrilla 'Rio Grande'



A cuadrilla 'Santa Bárbara' rematou terceira



Vista da comida de clausura no pabillón